

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

**Xefatura Territorial de Pontevedra**

Rúa Fernández Ladreda, 43-5º

36003 Pontevedra

**Asunto:** Alegacións á RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico Pedra Longa, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, na provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/32), DOG Núm. 125, de 1 de xullo de 2022.

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI.

Número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en

\_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_,

provincia de \_\_\_\_\_

**EXPÓN:**

Á vista da RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico Pedra Longa, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, na provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/32), DOG Núm. 125, de 1 de xullo de 2022. por medio do presente escrito realízanse as seguintes **ALEGACIONES:**

- 1. O PE Pedra Longa encádrase nun desenvolvemento anárquico e á marxe da avaliación estratéxica do que adoce todo o sector eólico de Galicia.** O Plan Sectorial Eólico de Galicia nunca foi sometido á avaliación ambiental estratéxica tal e como se establece no artigo 6 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e pese ás modificacións introducidas pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o Canón Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresarias en Galicia, que de facto modifican o plan orixinal do 1997 e polo tanto non lle sería aplicable a excepción establecida na Disposición transitoria primeira da Lei 21/2013. Todo isto no so incumpre os requisitos previstos na normativa interna aplicable, senón tamén os que se derivan das seguintes normas do dereito da Unión Europea:
  - Directiva 2011/92/UE relativa a avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente (DOUE L 26 /1 de 28.01.2012)
  - Directiva 2003/35/CE pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire a participación do público ó acceso a xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do Consello.
  - Directiva 2001/42/CE relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (DOCE nº L 197/30, 21-07-01)Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4437>
- 2. A tramitación ambiental do PE Pedra Longa incorre en fraude de lei a través dunha división artificial de proxectos que burla os principios da avaliación ambiental e elude o análise dos efectos acumulados e sinérxicos globais das infraestruturas proxectadas sobre a zona.** Sobre a Área de Desenvolvemento Eólico denominada Cabanelas (A Estrada, Forcarei e Cerdedo) están actualmente plantexados 4 parques da mesma promotora, Greenalia: o nomeado **Pedra Longa, Cabanelas (IN661A 2010/2-4), As Penizas (IN408A 2017/06) e Ampliación As Penizas (en trámites previos sen IP)**, sumando un total de 17 aeroxeradores e máis de 78 MW de potencia instalada. Estes parques, obxecto cada un deles de proxectos e EIA independentes, están na mesma unidade montañosa, solapándose unhas poligonais sobre as outras e compartindo evacuación a través da Subestación Colectora As Penizas e a LAT desta á Subestación de Paraño, tramitada igualmente de maneira fragmentada. Ao respecto da división artificial de proxectos hai que lembrar a STSJ GAL 5691/2020 - ECLI: ES: TSJGAL: 2020:5691 de data 09/11/2020.

3. **As infraestruturas do PE Pedra Longa suporán un deterioro da calidade de vida e a saúde dos veciños dos pobos da contorna pola proximidade excesiva dos aeroxeradores e as consecuentes afeccións negativas (ruído, efecto sombra, campos electromagnéticos, etc.) recoñecidas no propio EIA.** Aldeas como Cabanelas, A Graña de Cabanelas, As Bouzas, Bugalleira, Carballo, Xestás ou Quinteiro de Arca quedarán a menos de 1 km destas e outras infraestruturas dos PE fragmentados, que non foron contemplados de xeito sinérxico. **Incumprindo as novas disposicións establecidas pola Xunta de Galicia (art. 39 da Lei de acompañamento Lei 182021) respecto a distancia a núcleos de poboacións** cunha distancia mínima calculada a partir da altura de aeroxerador (pa incluída) multiplicada por cinco. Considérase un agravio comparativo para a poboación afectada a non inclusión do citado PE dentro deste novo marco legal, cando o proxecto aínda non conta cunha DIA aprobada. Con esta nova medida, a administración autonómica está a recoñecer de facto que o alcance das afeccións producidas polos aeroxeradores é maior do que actualmente está establecido. Ademais, as vivendas e terras da zona perderán valor ao encadrarse dentro da poligonal ou proximidades, quedando aldeas enteiras supeditadas aos intereses da promotora e a un gravame considerable a efectos de perda de valor das propiedades, liberdade de uso, percepción das PAC ou expropiación forzosa para ampliacións ou modificacións, sen que isto supoña un retorno económico relevante.
4. **O PE Pedra Longa afectará moi negativamente á economía local, sector forestal e turístico entre outros moitos que non se analizan debidamente ou non se teñen en conta no EIA.** Todo o xustifica a mercantil promotora en base á suposta xeración de emprego sen cuantificar nin identificar en ningún momento cales van ser eses postos de traballo. Incumprindo con todo os termos que se establecen no anexo VI.2 da Lei 21/2013.
5. **O EIA non presenta un estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a non afección ós acuíferos e á calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas.** Os grandes movementos de terras, perforacións e outras obras necesarias para a construción do parque eólico e a liña de evacuación poden afectar gravemente ós acuíferos, mananciais e á rede hidrográfica dándose unha afección severa ós recursos hídricos. Téñase en conta a Directiva Marco da Auga (DMA).
6. **O Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) non se adapta ó Regulamento da Lei da Paisaxe (Decreto 93/2020) e ás Directrices de Paisaxe (Decreto 238/2020), tamén presenta defectos na metodoloxía.** O PE Pedra Longa tería un impacto paisaxístico severo, afectando gravemente á paisaxe que supón un elemento cultural e natural de inmenso valor para a sociedade e é un activo económico e social.
7. O PE Pedra Longa sitúase nunha zona de altísimo valor ecolóxico provocando unha **serie de impactos ambientais severos: Vulneración da Directiva 92/43/CEE**, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres. **Incompatibilidade coa fauna local** pola existencia de **especies vulnerables**. Téñase en conta as **Directiva 2009/147/CE de Conservación de aves silvestres e a Lei 5/2019 de Patrimonio Natural de Galicia. Afección á Rede Natura 2000 sobre os LIC do ZEC Brañas de Xestoso, ZEC Serra do Candán e ZEC Serra do Cando, constituíndo a zona de instalación do PE un corredor ecolóxico e unha área territorial de primordial importancia para poboacións de especies de fauna e flora, expresamente regulado nos arts. 3.1 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats e art.46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade. Afección severa a Humidais e Turbeiras** non inventariados pola Xunta de Galicia.
8. A zona na que se pretende implantar o PE Pedra Longa ten unha **riqueza patrimonial e cultural** moi grande que se verá **gravemente afectada**. Especialmente lesivo con respecto ao patrimonio arqueolóxico (concentración de mámoas, Eira dos Mouros, Campo das Santas, etc.), o etnolóxico ou inmaterial que quedará absolutamente descontextualizado. E recursos patrimoniais e turísticos de gran relevancia como o Camiño da Xeira e dos Arrieiros, as Brañas de Xestoso, A Rapa das Bestas, o Observatorio Astronómico de Forcarei, a Fundación Galicia Verde, etc. Téñase en conta a **Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia**.

En virtude do anterior, **SOLICITA:**

O rexeitamento da autorización administrativa e a non execución do proxecto do parque eólico PEDRA LONGA, emprazado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, na provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/32), DOG Núm. 125, de 1 de xullo de 2022, por infracción normativa, pola invalidez do documento ambiental e da súa tramitación, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e polo tanto a ausencia de utilidade pública algunha ou interés autonómico.

Véxase o documento de ampliación como anexo ás presentes alegacións: <https://terrademontesenperigo.com/wp-content/uploads/2022/07/modelo-de-alegacion-ao-parque-eolico-pedra-longa-en-pdf.pdf>

Forcarei, de de 2022

Asdo.- \_\_\_\_\_